

BASES

1. ORGANIZA

Concello de Zas a través do seu Servizo de Normalización Lingüística.

2. DIRIXIDO A

Todas aquelas persoas que pertencendo ao Concello de Zas queiran participar.

3. OBXECTIVOS

Desenvolvemento da creatividade, fomento do uso das TIC, traballo en equipo e bo aproveitamento do tempo de lecer.

Con esta actividade tamén se pretende recuperar panxoliñas, vilancicos tradicionais, cantos de Aninovo e Reis que se cantaban nesta zona e que aínda se continúa a facer, pero que corren o risco de desaparecer co paso do tempo.

Fomento do uso da lingua galega na sociedade en situacións informais e festivas ou lúdicas da veciñanza en xeral (ámbito asociativo do municipio, alumnado dos centros educativos, hostaleiros/as, empresariado, comercio, turismo, veciños e veciñas etc.), no ámbito socioeconómico do concello, e no conxunto da sociedade en xeral.

4. CONDICIÓNES DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar todos aqueles veciños e veciñas de calquera idade que así o desexen de xeito individual ou en grupo sen haber límite de idade. Enviaranse os vídeos por correo electrónico indicando no asunto "concurso de panxoliñas", sempre acompañadas dos datos de quen participa (nome e apelidos, DNI, idade, enderezo, e teléfono de contacto), a vanesa.otero@concellodezas.org

Os vídeos tamén poderán ser entregados no Servizo de Normalización Lingüística do concello nun lapis de memoria ou a través da plataforma WeTransfer.

Terán que ser recibidos por calquera dos dous medios como moi tarde o 21 de decembro de 2017.

As panxoliñas, vilancicos, cantos de Aninovo, cantos de Reis **deberán estar en lingua galega** e poderán ser tradicionais, xa existentes, de creación propia, traducións ao galego...

As persoas participantes ou que aparezan nos vídeos ceden a súa imaxe para publicacións relacionadas co concurso.

5. PERÍODOS DE EXHIBICIÓN

O período de exhibición dos vídeos participantes será dende o día 22 ata as 10:00 h do día 29 de decembro, período no cal estarán publicados na páxina oficial do Facebook do Concello de Zas para a súa valoración polas e polos internautas que valorarán os vídeos outorgándolles os seus "gústame" e máis polo xurado. Tamén se exhibirán nas actividades de Nadal do Concello.

6. DIVULGACIÓN

Este concurso será divulgado a través da web do Concello de Zas (www.concellodezas.org), nos espazos oficiais en Facebook do concello e enviarase nota aos medios de comunicación.

7. VALORACIÓN

Premio ao vídeo máis popular en Facebook

Seralle concedido ao vídeo que sume máis "gústame" na rede social Facebook do Concello de Zas.

Premio á mellor presentación e posta en escea

Premio que lle será concedido ao vídeo que conte cunha mellor posta en escea, máis do Nadal, máis orixinal etc.

Premio ao vídeo que conte con máis fidelidade á tradición galega

Seralle concedido ao vídeo que conte con máis fidelidade léxica e musical á tradición galega.

Premio ao mellor vídeo infantil

Seralle concedido ao vídeo mellor valorado polo xurado e cuxos e cuxas participantes non teñan máis de 14 anos de idade.

8. PREMIOS

Premio ao vídeo máis popular en Facebook

Diploma de recoñecemento

Vale de 100 euros para gastar en locais comerciais do concello.

Premio á mellor presentación

Diploma de recoñecemento

Vale de 100 euros para gastar en locais comerciais do concello.

Premio ao vídeo que conte con máis fidelidade á tradición da nosa zona

Diploma de recoñecemento

Vale de 100 euros para gastar en locais comerciais do concello.

Premio ao mellor vídeo infantil

Diploma de recoñecemento

Vale de 100 euros para gastar en locais comerciais do concello.

9. XURADO

A organización resérvase o dereito a rexeitar os vídeos que non cumpran as condicións fixadas nas bases ou aqueles que polo seu contido sexan ofensivos, ou cuestionables por razóns éticas ou legais.

Os premios poderán ser acumulables.

O fallo do xurado será inapelable e publicarase antes do 6 de xaneiro. Estará integrado por 5 persoas designadas pola Alcaldía.

Calquera situación que non estea recollida nestas bases, resolverase segundo o que decida o xurado.

CONCURSO DE VÍDEOS

- Panxoliñas tradicionais, vilancicos, cantos de Aninovo e cantos de Reis.
- Recepción dos vídeos ata o **21 de decembro**.
- Máis información:
 - SNL de Zas (981 708 303)
 - vanesa.otero@concellodezas.org
 - www.concellodezas.org
 - Facebook: Concello de Zas Actualidade Municipal

Organiza:

CONCELLO DE ZAS



Colaboran:



Panxoliña ZAS



Concurso de vídeos

Panxoliñas, cantos de Aninovo e cantos de Reis